



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

BANDO MUNICIPAL.-

Miguel Angel Bujan Varela, alcalde presidente do concello de Toques

FAGO SABER;

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou axudas para adquisición de vivenda por parte de menores de 35 anos en concellos de menos de 5.000 habitantes, estas axudas, poderánse solicitar ata o 31 de outubro, salvo que antes se esgote o orzamento.

O Instituto galego de Vivenda e Solo (IGVS) subvencionará con ata 10.800 euros a adquisición de vivenda por parte de menores de 35 anos en concellos de menos de 5.000 habitantes, co obxectivo de contribuír ao asentamento de mozos nos concellos menos poboados, favorecendo a fixación de poboación nova nas áreas máis rurais de Galicia.

O importe de cada axuda concedida será do 20 por cento do custo de adquisición da vivenda e sempre cun límite máximo de 10.800 euros por beneficiario.

Requisitos

Os principais requisitos que teñen que cumprir os solicitantes destas axudas serán:

- Ter menos de 35 anos de idade na data de presentación da solicitude.
- Ter nacionalidade española ou residencia legal en España.
- Dispoñer duns ingresos anuais por parte das persoas que compoñen a unidade de convivencia iguais ou inferiores a tres veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (Iprem). Excepcionalmente, os ingresos poderán

chegar a 4 veces o Iprem no caso de familias numerosas de categoría xeral ou unidades de convivencia con discapacitados; e no caso de familias numerosas de categoría especial ou unidades de convivencia nos que algún membro sufra unha das discapacidades establecidas na resolución, o límite será de 5 veces o Iprem.

- Ter subscrito un contrato privado ou unha escritura pública de adquisición da vivenda con posterioridade a 1/01/2019, salvo para aquelas persoas que tendo solicitada a axuda en 2018 se lles denegara por esgotamento de crédito.

Polo que respecta ás vivendas, estas deberán cumprir as seguintes condicións:

- Estar emprazada nun concello de menos de 5.000 habitantes.
- Que se trate dunha vivenda xa construída. Para estes efectos, admitiranse tanto as vivendas novas como as usadas.
- O prezo de adquisición da vivenda, incluídos os seus anexos, sen os gastos e tributos inherentes a ela, será igual ou inferior a 100.000 euros.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Toques, 01 de agosto de 2019
O Alcalde,

Asdo.: Miguel Angel Bujan Varela